



ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que a Presidencia da Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo ditou a seguinte

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Logo de ver a necesidade de proceder a aprobar unha nova modificación do PXOM a fin de modificar a normativa e actualizar a mesma co fin de dar resposta ás demandas dos veciños e veciñas do Concello de Oroso.

Tendo en conta que conforme establece o artigo 78.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, son sesións extraordinarias aquelas que convoque o Alcalde ou Presidente con tal carácter.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26/06/2023, acordou ter sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas salvo o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas; e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023.

TENDO EN CONTA que o artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece que as comisións informativas (CI) son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno do Concello e da Xunta de Goberno local cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes; e que o 25/06/2019 o Pleno do Concello (punto 4 da orde do día “aprobación, se proceder, da creación das comisións informativas”, creou as CI de asuntos xerais, especial de contas, facenda e patrimonio, ordenación do territorio e urbanismo e familia, benestar, igualdade, cultura e ensino e mulleres.).

CONSIDERANDO a existencia de asuntos que requiren do ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

PRIMEIRO: CONVOCAR unha sesión extraordinaria da Comisión Informativa de ordenación do territorio e urbanismo que terá lugar o:



Día: 09/09/2024.

Hora: 8:30 horas en 1ª convocatoria e, se procedese, ás 9:30 horas a 2ª. Convocatoria.

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello.

Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1º. Aprobar inicialmente a modificación puntual nº 12 do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da CI, REMITÍNDOLLES a propostas de resolución do asunto incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral, así como copia da minuta do acta que se leva a aprobación.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal/opencms/gl/>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso, asinado dixitalmente
A secretaria en funcións
Ana María Liñares Castro.